



Comunicado da Coordinadora Galega de ENDL

Dende o Consello Directivo en funcións, queremos comunicarvos que, dado que non se presentou ninguén para asumir a dirección, na Asemblea do pasado venres 23 de setembro, votouse a non continuidade da CGENDL.

A partir deste momento non haberá unha coordinación tal e como se tentou facer ao longo destes anos. Animámosvos a continuar traballando, xunto con todo o profesorado que o fai acotío, no seo dos respectivos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e en colaboración co resto de equipos de cada unha das comarcas a través das Coordinadoras Comarcais existentes ou que aínda se poden crear. Alén disto, a páxina web vai seguir activa ata decembro de 2017 e alí vanse manter ata esa data os materiais existentes á vosa disposición.

Así mesmo, seguimos a convidarvos a seguir na tarefa da normalización da nosa lingua desde o ámbito escolar actualizando e difundindo o discurso normalizador da CGENDL, pois o voso esforzo colectivo segue a ser indispensable nun contexto político que non axuda a establecer unhas condicións mínimas de restauración social da nosa lingua. E sen vós, nada do que levamos feito tería sentido.

Saúdos normalizadores

Consello Directivo
CGENDL